



CONCELLO DE MUROS  
(A CORUÑA)

## ACTIVIDADES DE LECER E TEMPO LIBRE VERÁN 2017 BASES

### INSCRICIÓNS

#### 1. Prazo de inscrición

Do 16 ao 26 de xuño

#### 2. Lugar de inscrición e horario

Cada pai/nai/titor/a deberá cumprimentar a pertinente autorización de participación na actividade de xeito presencial nas oficinas:

- Centro Cultural e Xuvenil de Muros: 8:00 - 14:00 h
- Casa da Sociedade de Esteiro: 17:00 - 19:00 h, de martes a venres

E só poderá inscribir como máximo a tres nenos/as de maneira consecutiva.

#### 3. Cota de inscrición

8,00 € cada participante.

### PARTICIPANTES

1. As actividades están dirixidas a nenos e nenas nados nos anos 2012 e 2013.
2. Para que a actividade se poida levar a cabo terá que haber como mínimo 8 participantes.

### PRAZAS

1. Estas actividades desenvolveranse ao mesmo tempo ca o campamento de Esteiro. Debido a que xa hai monitores/as traballando noutra actividade e atendendo o ratio de 10 nenos/as por monitor/a, o número de prazas será limitado.

2. Número de prazas:

- Esteiro: 20 prazas
- Muros: 30 prazas

---

**Concello de Muros**

C/ Curro da Praza, 1, Muros. 15250 A Coruña. Tel. 981 826 050. Fax: 981 762 257



CONCELLO DE MUROS  
(A CORUÑA)

## **LUGAR DE REALIZACIÓN E HORARIO**

1. Esteiro: Casa da Sociedade, 11:00 a 13:00 h de luns a venres (agás días festivos)
2. Muros: pavillón Miraflores, 11:00 a 13:00 h de luns a venres (agás días festivos)

## **QUENDAS**

1. En cada lugar farase unha quenda de dúas semanas de luns a venres.
2. Cada neno ou nena só poderá participar nunha quenda, agás se houberse prazas vacantes noutra.

- Esteiro: 3 a 14 de xullo.
- Muros: 31 de xullo a 11 de agosto.

\* Calquera circunstancia que non apareza nestas bases será tratada de maneira individual, previa solicitude da persoa interesada (así como calquera circunstancia de carácter especial que se puidera producir).